



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 21 de xaneiro de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 21 de xaneiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14/01/2019, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2019/313

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ASOC. CUL. CORTEGADA	G36168854	391,00 €	21/01/2019	SI
CONST., OBRAS Y VIALES, S.A.	A36008886	14.374,80 €	21/01/2019	SI
CRUZ ROJA ESPANOLA	Q2866001G	1.680,00 €	21/01/2019	SI
CUEVAS, S.L.	B36027597	2.223,98 €	21/01/2019	SI
DES. INF. DE APLIC. LOGIC., S.L	B50608025	1.046,46 €	21/01/2019	SI
GARCIA MAURICIO, RICARDO	35468518B	302,50 €	21/01/2019	SI
INDUSTRIAS SAN JOSE, C.B.	E36043750	1.379,40 €	21/01/2019	SI
MEDIOAMBIENTAL OITABEN, S.L.U.	B36852234	1.747,29 €	21/01/2019	SI
MOVIM. DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA,				



S.L.

	B36533537	13.624,60 €	21/01/2019	SI
RODISA, S.L.	B36125417	1.994,08 €	21/01/2019	SI
SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1	B15259765	6.087,82 €	21/01/2019	SI
VISUALPUBLINET, S.L.	B36880094	3.654,20 €	21/01/2019	SI
VIVEROS O PINEIRO, S.L.	B36213460	1.665,00 €	21/01/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/182

Dáse conta do escrito presentado por **D. Manuel González Terceiro**, solicitando a instalación de algún elemento físico que impida o estacionamento de vehículos e facilite a entrada e saída do garaxe situado en Rúa Pablo Iglesias nº 1.

Visto o informe da Policía Local e de conformidade co establecido no Art. 65.4 da Ordenanza Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación de fitos flexibles reflectores, de cor verde, situados no límite entre o estacionamento permitido, xa sexa en cordón ou en batería, e o espazo autorizado para o correspondente vao, de modo que a distancia entre os fitos non supere a anchura autorizada.

Comunicaselle que o titular da autorización será o responsable da súa adquisición así como da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. Debendo poñerse en contacto coa Policía Local antes de proceder á súa instalación.

PRP2019/183

Dáse conta de escrito presentado por **Dona Aranzazu Ruiz Oubiña** solicitando a colocación de espellos nos cruces da Rúa Lago co enlace da N-640 e na interseccións das Rúas Igrexario coa Rúa Quintana.

Visto o informe da Policía local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun espello para mellorar a visibilidade e seguridade na intersección das Rúas Igrexario coa Rúa Quintana.

En canto á confluencia da Rúa Lago, á altura do enlace coa N-640, a instalación do espello non se considera axeitada, xa que tendo en conta o ancho da rúa así como a escasa visibilidade, o espello non sería efectivo.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) e Policía Local.

PRP2019/184

Dáse conta do recurso de reposición presentado por **Dona Herminia Treviño Carregal** en relación co acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2018 pola colocación de colectores de lixo na súa propiedade, no lugar de O Vento – Cea, e solicitando a retirada dos mesmos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que pola Empresa Concesionaria do Servizo de recollida de lixo se proceda ao traslado dos citados colectores, buscando unha situación alternativa.

PRP2019/209

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación dos seguintes contratos de mantemento para o ano 2019 coa Empresa **Visual Publnet, S.L.**, con cargo á partida 9201.22607:



- Mantemento da páxina web (programación e deseño), por un prezo de 2.032,80 € (IVE incluído), realizando a facturación de forma trimestral, por un prezo de 508,20 € (IVE incluído).
- Rexistro e aloxamento do dominio “conservatoriovilagarcia.es”, por un importe total de 242,00 € (IVE incluído).
- Mantemento e aloxamento de dominio “vilagarciaactiva.com”, por un importe total de 871,20 € (IVE incluído).
- Mantemento e aloxamento de dominio “visitvilagarcia.es”, por un importe total de 508,20 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/210

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar orzamento presentado por **Desarrollos Informáticos de Aplicaciones Logiciales, S.L.**, para o mantemento e soporte da aplicación informática do programa de xestión académica CODEX, do Conservatorio Profesional de Música para o ano 2019, por un importe de 1.046,46 € (IVE incluído) con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/212

Dáse conta do informe da encargada da Biblioteca Municipal en relación co mal funcionamento dos servizos informáticos que están a disposición dos usuarios.

Dáse conta do informe do Departamento de Informática en relación coa situación dos devanditos servizos informáticos da Biblioteca Municipal destinados ao público, no que se indica:

1.- Acceso Wifi a internet da Biblioteca Municipal:

Actualmente a WIFI da Biblioteca Municipal está en funcionamento cunha liña dedicada.

As instalacións WIFI dos edificios do Concello están en funcionamento per son obsoletas e están saturadas, non respondendo ás necesidades actuais. O Departamento de Informática comezou a estudar unha mellora das WIFI's. A principios de 2018 solicitouse unha solución técnica ás principais empresas de comunicacións: Telefónica, Vodafone e R Cable y Telecomunicaciones.

Trátase dun sistema tecnicamente complexo, con regulación legislativa, con capacidade de identificar aos usuarios, etc. e utilidado en delitos telemáticos.

Considerouse que a mellor solución técnica/calidade/prezo é a de R Cable e Telecomunicaciones. Aproveita parte da infraestrutura instalada. Trátase dun servizo completo que comprenderá a infraestrutura Wifi (ap's, router's, switch's PoE), acceso a internet, autenticación de usuario mediante portal cautivo, mantemento da instalación e servizos de valor engadido necesarios actualmente.

O Concello adxudicou a instalación dun proxecto piloto no edificio do SPAD, esta instalación está en funcionamento o día de hoxe e estase a realizar melloras de configuración e probas de funcionamento. Unha vez estean finalizadas estas modificacións con éxito, procederase a súa instalación na biblioteca municipal previa adxudicación.

2.- Ordenadores Persoais:

Na biblioteca tamén están a disposición dos usuarios da biblioteca sete ordenadores persoais con conexión a internet, utilizando unha liña ADSL propia. Recentemente foron renovados



catro ordenadores, o resultado non foi positivo xa que o funcionamento do sistema operativo deste equipos (windows 10) non se adapta ás necesidades de funcionamento da biblioteca en canto ao cambio constante de usuarios e a necesidade de conservar a configuración. O Departamento de Informática buscou unha solución de configuración que está sendo probada na Biblioteca actualmente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/213

Vista a proposta do Servizo de parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Viveros O Piñeiro SL** para o subministro dun abeto (Abies Normandiana) para a súa instalación en San Roque, por un importe total de 1.665,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/214

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán Torres Canay, en representación do **BNG Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para realizar un acto da citada organización política o día 2 de febreiro de 2019 nun tramo entre a Rúa Alcalde Rey Daviña e a Rúa Valentín viqueira, en horario de 10:00 a 14:00 horas, así como a cesión de unha carpa, unha mesa e un punto de luz.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/215

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta dos controis de velocidade realizados:

- Durante o mes de decembro: 6 controis nos seguintes puntos (Pablo Picasso, Rúa Montiño nº 2; Rúa Valentín Viqueira nº 33; Rúa Vilar nº 3 de Bamio; Rúa O Vento nº 65 e Avda. Agustín Romero nº 111).

- Durante o mes de xaneiro continuarán facendo os controis nas seguintes vías: Avda. de Cambados, Avda. de Vilanova, Rúa Arealonga, Pablo Picasso, Rúa Montiño nº 2, Rúa Valentín Viqueira nº 33; Rúa Vilar nº 3 de Bamio; Rúa O Vento nº 65 e Avda. Agustín Romero nº 111 e ademais incluírán as que por accidentes graves ou queixas veciñais poidan considerar de atención preferente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2019/216

Dáse conta de escrito presentado por **D. Manuel Oubiña Freire** de queixa polas molestias que lle causa o corte de rúas derivados da celebración de eventos, impedíndolle a entrada e saída do garaxe, e solicitando que se informe debidamente dos cortes de rúas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se coloca un aviso para que os usuarios dos garaxes poidan prever se teñen que entrar ou saír cos vehículos dos respectivos garaxes, coa antelación ao comezo da ocupación da vía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Sr. Oubiña Freire.

PRP2019/217

Vista a proposta do Servizo de Protocolo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Industrias San José CB** para o subministro de Pins para diversos actos protocolarios da Alcaldía e Concellerías, por un importe total de 1.379,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22601:

- 50 Pin bronce e esmalte imaxe corporativa.

- 500 Pin zamack esmalte baño prata imaxe corporativa.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/218

Vista a proposta do Servizo de Alumado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Medioambiental Oitabén SLU** para reparación da bomba da estación de bombeo Plaza 2, utilizando algunhas pezas da outra, por un importe total de 1.747,29 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/219

Dáse conta do escrito presentado por **D.Manuel Raimundo Cores Miramontes** solicitando a revisión da sinalización do tráfico na N-640, na zona da Avda. de Pontevedra.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a sinalización actual é a adecuada ó tipo de vía, existindo no tramo ao que fai referencia, limitación a 50 km/h. en sentido Vilagarcía – Pontevedra, e de 40 km/h en sentido contrario, debido á proximidade da rotonda de “Larsa”, estando toda a estrada debidamente sinalizada, tanto vertical como horizontalmente.

En canto á sinalización de paso de peóns mencionado no seu escrito, tamén hai sinais de presinalización de perigo de cruce de peóns (P-20) e sinais de ubicación do mesmo (S-13), en ámbolos dous sentidos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/220

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **RODISA SL** para a substitución das 4 cubertas das rodas do vehículo matrícula E-9962-BBJ, adscrito ao citado servizo, por un importe total de 1.994,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/221

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construcciones Metálicas Cuevas SL** para o subministro e colocación dunha nova motorización no portal da parte traseira da nave de obras, por un importe total de 2.223,98 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/222

Visto o informe da Policía Local en relación coa sinalización da Rúa Aduana, en Carril, no que indican que hai problemas de manobrabilidade debidos ás dimensións da Rúa, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Prohibir o estacionamento diante das fachadas nº 50 e 52.
- Sinalizar illetas á altura dos números 11 e 21.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) e Policía Local.

PRP2019/279

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Construccións, Obras e Viais, SA** para o subministro de material para a reparación de camiños no rural, por un importe total de 14.374,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/280

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Movimiento de Aridos y Construcciones Arosa SL** para o subministro de material para bacheo e reparación de gabias en diversos puntos (Eiviño, Galáns, Renza, Santa Mariña e Faxilde), por un importe total de 13.624,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2019/231

Dáse conta do modelo de comunicación á AGASP de prazas a convocar no ano 2019 das distintas categorías do Corpo de Policía Local do Concello de Vilagarcía de Arousa co motivo do Real Decreto 1449/2018 de 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente reductor de idade de xubilación a favor dos Policias Locais:



- 5 prazas de Policía Local (C1) por quenda libre.
 - 1 praza de Policía Local (C1) por quenda de mobilidade.
 - 1 praza de Inspector Principal (A1) por quenda de promoción interna
 - 1 praza de Oficial (C1) por quenda de promoción interna.
- A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2019/245

Vista a proposta da Coordinadora dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a **Cruz Roja Española**, a prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria durante o ano 2019, para as 9 persoas beneficiarias na actualidade, cun custe por persoa de cada terminal de 17,50 €/mes, con cargo á partida 231.22643. (Proxecto 3 nº 01/01/19)

Emprego

PRP2019/246

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Rocio Nogueira Pacheco**, informando da súa baixa na actividade obxecto de subvención, no expediente 2017-0918-20 do Programa de Axudas á Creación de Empresas 2017.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e de conformidade co informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, no que se indica que por parte da beneficiaria da subvención se incumpre a obriga fundamental de realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dous anos, e no suposto de baixa con anterioridade a este prazo, deberá comunicar esta circunstancia ao Concello ata o último día do mes posterior a dita baixa.

A Xunta de Goberno Local acorda que pola Sra. Nogueira Pacheco se realice o reintegro da cantidade percibida en concepto de axuda, en proporción ao tempo permanecido no exercicio da actividade, que no presente caso ascende a 232,08 €, coa seguinte desagregación:

Data alta IAE	04/07/2017
Data baixa no IAE	08/11/2018
Tempo obrigatorio de permanencia na actividade. Base 3ª. Punto 3.2	2 anos (730 días)
Tempo de permanencia efectiva no exercicio da actividade	492 días
Cantidade percibida en concepto de axuda	711,87 €
Cantidade a reintegrar	232,08 € (mais xuros)
Xuros	10,15 €

Comunicáselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, indicando como concepto a referencia do presente expediente, con apercibimento de que de non facer o ingreso no citado prazo procederá o inicio de expediente de reintegro de subvención, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (Exp. 2017-0918-20)

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2019/247

Dáse conta do escrito presentado por **D. Carlos Ocaña Novoa**, no que informa ter recibido subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da comunicación por parte da



devandita Consellería da incompatibilidade da axuda concedida pola Administración Autonómica, coa parte fixa da subvención outorgada polo Concello (500 €).

O interesado acredita, mediante resgardo bancario, que en data 9 de xaneiro de 2019 procedeu a reintegrar a cantidade de 500 € aboada polo concello.

Visto o informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda ter por revocada a concesión da parte da subvención concedida consistente na contía fixa de 500,00 € por ser incompatible coa axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria concedida, mantendo a subvención concedida consistente na contía equivalente a metade dos gastos de inicio de actividade.

Así mesmo, visto o informe da Intervención Municipal, comunícaselle que deberá proceder ao ingreso dos xuros correspondentes, tomando como referencia a data de pago e de ingreso do principal, resultando unha contía de 1,38 €.

Comunícaselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2019/248

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Rosa María Fresco Rodríguez**, no que informa ter recibido subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da comunicación por parte da devandita Consellería da incompatibilidade da axuda concedida pola Administración Autonómica, coa parte fixa da subvención outorgada polo Concello (500 €).

O interesado acredita, mediante resgardo bancario, que en data 10 de xaneiro de 2019 procedeu a reintegrar a cantidade de 500 € aboada polo concello.

Visto o informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda ter por revocada a concesión da parte da subvención concedida consistente na contía fixa de 500,00 € por ser incompatible coa axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria concedida, mantendo a subvención concedida consistente na contía equivalente a metade dos gastos de inicio de actividade.

Así mesmo, visto o informe da Intervención Municipal, comunícaselle que deberá proceder ao ingreso dos xuros correspondentes, tomando como referencia a data de pago e de ingreso do principal, resultando unha contía de 3,59 €.

Comunícaselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2019/249

Dáse conta do escrito presentado por **D. Lisander Rubens Paredes**, no que informa ter recibido subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da comunicación por parte da devandita Consellería da incompatibilidade da axuda concedida pola Administración Autonómica, coa parte fixa da subvención outorgada polo Concello (500 €).

O interesado acredita, mediante resgardo bancario, que en data 9 de xaneiro de 2019 procedeu a reintegrar a cantidade de 500 € aboada polo concello.



Visto o informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda ter por revocada a concesión da parte da subvención concedida consistente na contía fixa de 500,00 € por ser incompatible coa axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria concedida, mantendo a subvención concedida consistente na contía equivalente a metade dos gastos de inicio de actividade.

Así mesmo, visto o informe da Intervención Municipal, comunícaselle que deberá proceder ao ingreso dos xuros correspondentes, tomando como referencia a data de pago e de ingreso do principal, resultando unha contía de 5,03 €.

Comunicáselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2019/250

Dáse conta do escrito presentado por **D. Rubén Fernández Novoa**, no que informa ter recibido subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e da comunicación por parte da devandita Consellería da incompatibilidade da axuda concedida pola Administración Autonómica, coa parte fixa da subvención outorgada polo Concello (500 €).

O interesado acredita, mediante resgardo bancario, que en data 9 de xaneiro de 2019 procedeu a reintegrar a cantidade de 500 € aboada polo concello.

Visto o informe da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda ter por revocada a concesión da parte da subvención concedida consistente na contía fixa de 500,00 € por ser incompatible coa axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria concedida, mantendo a subvención concedida consistente na contía equivalente a metade dos gastos de inicio de actividade.

Así mesmo, visto o informe da Intervención Municipal, comunícaselle que deberá proceder ao ingreso dos xuros correspondentes, tomando como referencia a data de pago e de ingreso do principal, resultando unha contía de 3,54 €.

Comunicáselle que dito reintegro deberá facerse efectivo no prazo de 15 días (contados a partir da recepción da notificación do acordo) mediante ingreso efectivo ou transferencia na conta bancaria ES88 2088 0522 9031 10000019, de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2019/251

Dáse conta de certificación da Comisión Técnica de Seguimento do Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, de data 26 de decembro de 2018, de emisión proposta de habilitación de “Concello Emprendedor” ao Concello de Vilagarcía de Arousa, por cumprir cos requisitos esixidos no protocolo “Concellos Doing Business Galicia”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/389

Vista a proposta da Concellería de Emprego e o informe da Orientadora Laboral, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar autorización para o mantemento provisional dos Servizos de Orientación Laboral, co fin de continuar co servizo, en previsión da publicación da



convocatoria de subvención para contratación de persoal técnico para a realización de actividades orientación laboral para o exercicio de 2019.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2019/253

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Clarinete a impartir polo clarinetista D. Esteban Valverde Corrales, os días 20 e 21 de febreiro de 2019, na Aula 2.1 do primeiro andar do Auditorio, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes e sen custo económico para o Concello.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2019/255

Dáse conta do fallo do Xurado do I Concurso de Decoración do Nadal do Comercio e Hostalería co seguinte resultado:

Categoría	Contía	Establecemento	Titular
Premio á fachada mellor engalanada Comercio Retallista	595,00 €	KAMEA	KAMEA SINGLE SL
Premio á fachada mellor engalanada Hostalería	595,00 €	DIURNO	Martín Vázquez Blanco
Premio fachada posto mellor engalanado Praza de Abastos	595,00 €	YOLANDA FABELLO RIVAS	Yolanda Fabello Rivas

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o fallo do Xurado, e o recoñecemento de obriga a favor dos gañadores, condicionada á presentación da certificación bancaria de titularidade da conta, con cargo á partida 4311.48100.

Medio Ambiente

PRP2019/256

Dáse conta de Proposta de Resolución do expediente sancionador contra o Concello de Vilagarcía de Arousa en materia de desatención a un requirimento de Augas de Galicia (Clave DH.D36.63071), por tres vertidos de augas residuais en condicións inadecuadas á ría de Arousa procedentes das instalacións municipais de evacuación de augas pluviais na Praia de Compostela, declarando responsable ao Concello da comisión dunha infracción de carácter leve tipificada no Art. 85 k) da Lei 9/2010 no tm de Vilagarcía de Arousa e impón unha sanción de 2.500 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga polo citado importe de 2.500,00 €, con cargo á partida 929.22699.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2019/254

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xaneiro de 2019, de reclamación formulada por **Agrupación Mutua Aseguradora** en relación con



danos causados no vehículo matrícula 2409FVX, propiedade de D. Sergio José Pérez Abilleira, figurando no mesmo:

“A Xunta de Goberno Local vistos os informes emitidos acorda estimar a reclamación e o recoñecemento de obrigação a favor de Agrupación Mutual Aseguradora, compañía aseguradora do vehículo citado, polo importe de 289,34€, con cargo á partida 929.22699.”

E debendo figurar:

A Xunta de Goberno Local vistos os informes emitidos acorda estimar a reclamación presentada por Agrupación Mutual Aseguradora e o recoñecemento de obrigação a favor de D. Sergio José Perez Abilleira, polo importe de 289,34€, con cargo á partida 929.22699.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2019/257

Dáse conta Da prórroga automática dos convenios Económico-Cultural entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, de conformidade co establecido no punto IV dos convenios asinados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a aportación do Concello a cada unha das seguintes Asociacións, que ascende a 1.800,00€ con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA RESPONSABLE
ASOC. MM.RR. A PIÑOUSA de Cea	G-36284982	1.800,00€	M ^a Dolores Negro Lago
AA.VV. AGUSTÍN ROMERO de Cornazo	G-36135754	1.800,00€	M ^a Rita Cores Osorio
AA.VV. FAXILDE de Faxilde	G-36154649	1.800,00€	José Alberto Gomez Araújo
ASOC.CULTURAL MALVEIRAS de Carril	G-36136679	1.800,00€	José Luis Eiras Mollinedo
AA.VV. BREGÁN de O Piñeirío	G-36137578	1.800,00€	M ^a Dolores García Lafuente
ASOC. MM.RR. ANDURIÑA de Sobradelo	G-36261279	1.800,00€	Mónica M ^a Miguéns Iglesias
ASOC.MM.RR. FONTECARMOA	G-36530350	1.800,00€	Bárbara Diz García
ASOC. MM.RR. SAN XINÉS de Bamio	G-36204345	1.800,00€	Josefina Ordoñez Ordoñez
ASOC.MM.RR. XIABRE de Guillán	G-36264901	1.800,00€	M ^a Dolores Carballo Reguero
AA.VV. O SOUTO de Rubiáns	G-36564797	1.800,00€	Jorge Carlos Abuín Rodríguez
AA.VV. SAN MIGUEL de Trabanca Badiña	G-36180073	1.800,00€	M ^a del Carmen Gaité Pastor
ASOC.MM.RR. E CONSUMIDORAS PERLA DE AROUSA de Renza	G-36231106	1.800,00€	M ^a Trinidad Diz Vidal
AA.VV. GRUPO SAN ROQUE de Vilagarcía	G-36147924	1.800,00€	M ^o del Carmen Vicente Rubianes
AA.VV. SAN ROQUE de Castrogudín	G-36060523	1.800,00€	Julián Abuín Fontenla
AA.VV. A GOLPELLEIRA de A Torre	G-36163251	1.800,00€	Antonio G. Domínguez Álvarez
ASOC. MM.RR. E CONSUMIDORAS DE TRABANCA SARDIÑEIRA	G-36236156	1.800,00€	M ^a Isabel Fernández Varela
AA.VV. SAN MARTIÑO DE SOBRÁN –Galáns	G-94045192	1.800,00€	Benito Torrado Ínsua
AA.VV. DE VILAXOÁN	G-36250504	1.800,00€	Antonio Casás Valoira
	TOTAL	32.400,00€	

Fáise constar que a prórroga dos convenios establecidos coa AA.MM.RR. Anduriña de Sobradelo e a AA.VV. de Vilaxoán quedan condicionadas a que presenten a documentación necesaria comunicando os cambios na directiva das mesmas.

PRP2019/258

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ás seguintes actuacións, o día 25 de xaneiro no Salón García, con motivo da presentación da Revista ANACO, con cargo á partida 334.22609:

- Asociación cultural Cortegada: 391,00 € (IVE incluído), actuación Coral.
- Ricardo García Mauricio (Animación S. Nydia): 302,50 € (IVE incluído) pola representación do espectáculo “Conversaciones con Tana”.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/260

Vista a solicitude de D. Iago Regueiro Díaz, en representación de **Etiqueta Negra Producciones SL** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 6 de abril de 2019, durante todo o día, para a representación da función de comedia “Las AMIGDALAS DE MIS AMIGDALAS SON MIS AMIGDALAS”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	TOTAL
SALÓN DE ACTOS	1 DÍA	264,70 €	264,70 €
PERSOAL DE TAQUILLA	2 PERSOAS: 4 H. x 2 = 8 H	10,20 €/hora	81,60 €
RESPONSABLE DE SALA	7 H. estimativas	10,20 €/hora	71,40 €
2 OPERARIOS	5 H. x 2 = 10 H. estimativas	10,20 €/hora	102,00 €
TOTAL			519,70 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2019/261

Visto o escrito remitido por **Sistemas de Seguridade A1, S.L.** en relación coa prestación do “Servizo de Mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo instalados nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como a conexión destas alarmas con central homologada”.

Dado que se está tramitando o novo expediente de licitación, a Xunta de Goberno Local acorda a continuidade da prestación do Servizo polo prazo de 2 meses, coa seguinte desagregación:

APLICACIÓN	IMPORTE
920.213	147,26 €
241.213	65,05 €
334.213	368,83 €
2311.213	177,19 €
323.213	183,68 €
432.213	72,63 €



PRP2019/264

Dáse conta de escrito presentado por Dona Gloria Zúñiga Ruak, en representación de **Galivalia Consulstgo SL** solicitando unha ampliación do prazo máximo de execución do contrato de servizo consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un período de 6 meses.

Visto o informe da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que o prazo fixado inicialmente para a execución dos traballos foi de 12 meses é que este rematou o 17 de xuño de 2018, acordando a Xunta de Goberno Local de 15 de outubro de 2018 unha prórroga dende o 17 de xuño ata o 17 de decembro de 2018, acorda concederlle de novo a prórroga solicitada, que debe ter efectos dende o 17 de decembro de 2018, e remataría o 17 de xuño de 2019, o prazo de execución do contrato de servizo.

PRP2019/265

Dáse conta do expediente de contratación CT 38/2018-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria para adxudicar as obras incluídas no Proxecto denominado "Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre 2ª Fase", cun orzamento de licitación de 101.500,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa SL
- Sergonsa Servicios SL.

Trala revisión da documentación aportada polos licitadores, a mesa conclúe:

Admitir aos seguintes licitadores:

- Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa SL

Quedan excluídos os seguintes licitadores:

- Sergonsa Servicios SL

Unha vez aplicados os criterios de valoración que figuran no PCAP, o resultado é o seguinte:

- Oferta económica-Prezo: Valor introducido polo licitador 81.367,77 € (IVE excluído). Valor aportado pola mesa: 81.367,77 e (VE excluído): puntuación 49,00 Motivo: aplicación criterios valoración PCAP.

- Oferta de mellora de 14 balizas LED 2000 lm H=1000 mm de acordo co disposto no Anexo VI do PCAP: Puntuación 42,0 Motivo: aplicación criterio valoración PCAP

- Oferta mellora 9 unidades de LIQUIDAMBAR STYRACIFLUA WORPLESDON 16-20 cm CE de acordo co disposto no Anexo VI do PCAP: Puntuación 9,0 Motivo: aplicación criterio valoración PCAP

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado **RENOVACIÓN DE BARANDILLAS NO ENTORNO DE VISTA ALEGRE 2ª FASE**, á Empresa **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, SL**, polo prezo de 81.367,77 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 17.087,23 €, o que totaliza unha oferta (IVE incluído), de 98.455,00 €, con cargo á partida 336.633, de conformidade coa oferta presentada e coas melloras indicadas na mesma. (Obra 2 N° 01/22/2018)

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/311

Dáse conta do acordo da Xunta Xeral Extraordinaria da **Comunidade de Propietarios BALTAR 3**, celebrada o día 20 de decembro de 2018, do que o Concello é propietario do Local n° 7, no que indican que o Concello debe as cotas de maio a decembro de 2018 (incluídas), por un importe total de 125,66 €.



A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Comunidade de propietarios que deberan presentar os recibos pendentes de pago co fin de proceder a aprobar pola Xunta de Goberno Local o correspondente gasto.

PRP2019/312

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor de **UNIPROSA DE VIGO SL**, polo importe de 6.530,70 €, da factura emit-191000259 (Rex. 19/426), correspondente a subministro de caramelos para a Cabalgata de Reis 2019, con cargo á partida orzamentaria 338.22199.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.